14.- A autorización producirá efectos mentres permaneza o obxecto determinante do seu outorgamento e será transmisible previa notificación do cambio de titularidade a este Servizo. No caso das autorizacións para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público, o prazo máximo de autorización será de dez anos. Antes de que transcorra o prazo da autorización, a persoa titular poderá solicitar a súa renovación, que se tramitará como unha nova autorización adaptada, se é o caso, á normativa vixente nese momento.
15.- O titular da autorización será responsable das operacións de conservación e mantemento requiridas pola obra, actuación ou instalación obxecto de autorización, e que sexan necesarias para garantir a salubridade, accesibilidade, seguridade e funcionalidade menoscabadas como consecuencia do uso destas.
16.- O incumprimento de calquera das condicións impostas nesta autorización poderá ser considerada como infracción leve, grave ou moi grave segundo o artigo 61 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e dará lugar á tramitación do expediente sancionador que proceda.
- Consta no expediente a autorización do organismo Autónomo de Augas de Galicia, de data 21/10/20, expediente DH.W27.72406, para o traslado de báscula, construción de soleira e construción de muros para almacenamento de corteza, de astilla e serrín na que figuran as condicións xerais e particulares que se transcriben literalmente:
“A.-XERAIS:
1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.
2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.
3.-Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.
4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos

Cod. Validación: 97FYFH7Q9573AW3TP2KPPELRQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 27


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

*conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.*
*5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.*
*6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.*
*7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.*
*8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.*
*B.-PARTICULARES:*
*1.- As obras solicitadas consisten na execución de obras da "Memoria Valoradas para a mellora e optimización das liñas de alimentación e procesado da madeira nas instalacións de madeira O.T.M. en Vilanova de Lourenzá" e na "Memoria Valorada para o acondicionamento e optimización do parque de troncos e actividade de transformación madereira nas instalacións de madeira O.T.M. en Vilanova de Lourenzá", no concello de Lourenzá (Lugo). As instalacións atópanse na parcela con referencia catastral 27027C003004930000DA.*
*Os traballos solicitados son os seguintes:*
*a) Traslado de báscula de pesado e pecha de instalacións con un portón metálico de corredeira de 16 m. de largo.*
*b) Soleira de formigón para trasladar o alimentador de troncos.*
*(...)*
*Os detalles de obras están contidos na documentación achegada.*
*Segundo o informe da Gardería Fluvial, as obras afectarán parcialmente á marxe esquerda da zona de policía de leitos do río Batán. Segundo os estudos desenvolvidos por Augas de Galicia de " delimitación dos Mapas de Perigosidade e Risco de Inundación das Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación de Galicia Costa", que se poden consultar no enlace http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc as obras executaranse na contorna do ARPSI do río Baos ou Batán.*

**Concello de Lourenzá**
Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 97FYFH7Q9573AW3TP2KPPELRQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 27

*En concreto, a colocación do portón metálico e o novo emprazamento da báscula de pesado faranse fóra da zona de fluxo preferente, máis no interior das zonas inundables para os períodos de retorno de 100 a 500 anos.*
*2.- Advírteselle ao titular que segundo os Mapas de Perigosidade e Risco de Inundación desenvolvidos por este organismo de conca, o río Baos ou Batán, nas zonas das actuacións están considerados dentro das Areas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) de Galicia Costa. A estes efectos, o titular deberá tomar as medidas que considere axeitadas en materia de protección civil e será responsable dos danos que se poidan producir derivados da súa situación respecto do río.*
*Así mesmo, de conformidade coa normativa do Plan Hidrolóxico e o Regulamento do Dominio Público Hidráulico , o promotor presenta o 14/10/2020 unha declaración responsable na que expresa que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados , con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoptar para a súa protección.*
*O interesado deberá dar cumprimento efectivo e tanxible ao contido da declaración responsable e xurada achegada. Deberá ter en conta este feito por se pode interferir na execución das actuacións.*
*A estes efectos, extremaranse as medidas de seguridade na execución das actuacións debido á localización das actuacións na Área de Risco Potencial Significativo de Inundación , polo que as obras non se executarán en época de chuvias e deberá estar atento aos episodios meteorolóxicos.*
*A zona de fluxo preferente e inundable pode consultarse no visor da web de Augas de Galicia na seguinte ligazón :http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/.*
*3.- O portón metálico de acceso, sen perder a súa funcionalidade, será permeable en toda a súa altura, para o paso das augas e os sólidos grosos e non provocará o incremento do nivel das augas na estrada nin nos predios lindeiros no caso de que se produzan enchentes que o alcancen.*
*4.- A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos. (5 m. medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias dos ríos e regatos), quedando en todo caso expedita.*
*5.-O titular das obras será responsable da drenaxe das augas que inflúan de xeito natural ó ámbito de actuación, sen que a disposición das obras realizadas poida producir efectos prexudiciais por esta causa noutras parcelas ou no dominio público hidráulico.*
*6.- Vista a localización parcial das instalacións de procesado de madeira na zona inundable da Área de Risco Potencial Significativo de Inundación do río Baos, ínstase ao promotor á adopción de medidas de diminución*

Cod. Validación: 97FYFH7Q9573AW3TP2KPPELRQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 27

*da vulnerabilidade e autoprotección fronte a avenidas segundo a Lei 17/2015 de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil e a normativa da Comunidade Autónoma.*
*7.-Recoméndase ao promotor que poña en coñecemento dos futuros usuarios das instalacións de procesado da madeira o recollido no Anexo VII (“Consellos á poboación ante o risco de inundacións”) da Resolución do 4 de outubro de 2016 pola que se publica o Plan Especial de Protección Civil ante o risco de inundacións en Galicia (INUNGAL). En todo caso, será responsabilidade do solicitante a adopción e transmisión aos usuarios das posibles medidas de prevención e/ou protección de bens e persoas a adoptar no caso de producirse enchentes que puideran afectar ás instalacións.*
*8.- Tanto os materiais de traballo utilizados na obra como os produtos do procesado de madeira ou outros amoreamentos de materiais serán almacenados fóra da zona inundable. En todo caso, o promotor será responsable dos danos ao dominio público hidráulico ou a terceiros que se puideran provocar e de poñer en práctica as medidas preventivas necesarias para evitalos. Deberá ter en conta este feito por se pode interferir na actividade normal das instalacións.*
*9.- As obras axustaranse as características técnica e xeométricas descritas na documentación achegada.*
*10.-Para a realización dos traballos non se invadirán nin se vadearán os leitos públicos con maquinaria; salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de bacía.*
*11.- Non se executará corta de exemplares de especies arbóreas de ribeira, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de conca.*
*12.- As augas pluviais recollidas nas soleiras das instalacións non serán vertidas directamente e sen previa depuración ao dominio público hidráulico. Lémbraselle que para a execución de vertidos ao dominio público hidráulico debe contar coa previa e preceptiva autorización de vertido que outorgue, de ser o caso, esta entidade pública.*
*13.-No caso de almacenamento de residuos nas instalacións, en especial no caso de residuos perigosos, ou materiais contaminantes almacenaranse e xestionaranse de acordo coa lexislación vixente e deberase establecer as medidas de seguridade precisas para que no caso de enchentes non se produza unha contaminación das augas.*
*14.- Velarase pola aplicación de boas prácticas na actividade diaria evitando calquera actividade que puidese provocar unha contaminación do medio.*
*15.- Lémbraselle que para a captación e utilización privativa de augas públicas non procedentes da rede de abastecemento municipal, o solicitante deberá contar co recoñecemento de uso privativo por disposición legal ou co título de concesión de augas, segundo o caso.*
*16.- Evitaranse as escorrentías e enturbamentos das augas polo que as*



Cod. Validación: 97FYFH7Q9573AW3TP2KPPELRQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 27

*obras se executarán con condicións climatolóxicas favorables. No caso de ser necesarios durante a execución das obras, instalaranse os sistemas físico/barreiras que impidan os arrastres de terras e/ou materiais de obra cara aos leitos públicos.*
*17.-Durante a execución das obras e unha vez rematadas, non se deixarán materiais ou residuos no leito nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable ), nin en lugares susceptibles de incorporarse a el durante as enchentes ou por episodios de choivas. Extremaranse as precaucións con retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.*
*18.-Evitaranse o vertido de produtos contaminantes ou materiais de traballo cara aos leitos,así como depósito de calquera material contaminante na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar no que poda ser alcanzado polas enchentes (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable).Extremaranse as precaucións na aplicación de materiais granulares, formigón e/ou dos produtos bituminosos.*
*19.- No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, estadas o estruturas auxiliares temporais similares, adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade dos mesmos e non se situarán preferiblemente, na zona de fluxo preferente e zonas inundables.* 20.-En todo caso *debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais,establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de septiembre po- lo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das auga s superficiais e as normas de calidade ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de outubro, polo que se regula a protección das ag u as subterráneas contra a contaminación e o deterioro.*
*21.-Os residuos xerados durante a actuación deberán ser xestionados adecuadamente de acordo coa lexislación vixente.*
*22.--Esta entidade pública non será responsable da solución técnica e estrutural elixida polo promotor.*
*23.-No caso de que coa execución das obras haxa ocupación provisional o definitiva de parcelas alleas precisarase acordo cos seus titulares. 24.-Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal,*



Cod. Validación: 97FYFH7Q9573AW3TP2KPPELRQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 27

*sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.*
*25.- As obras deberán estar rematadas no prazo de DOCE (12) MESES, a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, extinguíndose a validez da presente autorización unha vez transcorrido este prazo. No caso de non poder executalas no prazo establecido deberá solicitar PRÓRROGA con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.*
*26.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno.*

Así mesmo obra no Expediente informe favorable do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo, da Consellería de Medio Rural de data 14/07/21, N/Ref.136/2021 no que literalmente consta:
"*As actuacións pretendidas consistentes en diversas accións para a mellora e optimización das liñas de alimentación e procesado da madeira non supoñen un menoscabo dos resultados do proceso concentrador, interese fundamental deste Servizo, polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo non existe impedimento para a execución das obras solicitada.*
*O presente informe emítese sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos para este tipo de actuacións o que corresponderá ao órgano competente para conceder a licenza que puidese corresponder."*

Estas obras pola súa escasa complexidade non necesitan Proxecto Técnico e de acordo co disposto na disposición transitoria terceira as construcións executadas no solo rústico poderán manter o uso autorizado e cambialo a calqueira dos previstos no artigo 40. Poderán executar nelas, previa licencia municipal e sen necesidade de autorización urbanística autonómica obras de mellora e reforma das instalacións sen incrementar a superficie edificada legalmente, aínda cando non cumpran as condicións de implantación, uso e edificación establecidas por esta Lei.
En conclusión ao exposto infórmase favorablemente a concesión da licencia solicitada, facendo constar expresamente que as obras a que se refire esta licencia son as de traslado de báscula, construción de soleira e porta motorizada, dado que para a concesión da licencia para construción dos muros solicitados, dada a envergadura dos mesmos, é necesario presentar proxecto técnico.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar douscentos dous euros con sesenta céntimos (202,60) o cal supón o 3%



Cod. Validación: 97FYFH7Q9573AW3TP2KPPELRQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 27

do orzamento da obra fixado en seis mil setecentos cincuenta e tres euros con dezasete céntimos (6.753,17). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 272/2021. ADXUDICACIÓN DE "OBRAS ADICIONALES EN EL CAMPO DE FUTBOL DE LOURENZÁ".**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vistas as características do contrato de “OBRAS ADICIONALES NO CAMPO DE FÚTBOL DE LOURENZA” segundo Memoria Valorada redactada por D. Francisco Damián Pérez Rodríguez, Arquitecto Técnico Municipal, que se pretende adxudicar.
Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría-Intervención, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidad, ACORDA:
PRIMEIRO.- Xustificar a celebración do contrato menor debido á contía do mesmo quedando acreditado que a contratación da obra de “OBRAS ADICIONALES NO CAMPO DE FÚTBOL DE LOURENZA” segundo Memoria Valorada redactada por D. Francisco Damián Pérez Rodríguez, mediante un contrato menor é a forma máis idónea e eficiente de levar a cabo os fins do Concello.
SEGUNDO.-Contratar con CANTERAS ISIDRO OTERO S.L., con NIF. B27250190, a prestación descrita nos antecedentes.
TERCEIRO.-Aprobar o gasto correspondente que ascende a corenta e oito mil trescentos sesenta e sete euros con oitenta e seis céntimos (48.367,86) IVE INCLUÍDO, con cargo a partida presupostaria 340.619 do vixente presuposto, sendo o desglose o seguinte:

| “OBRAS ADICIONALES NO CAMPO DE FÚTBOL DE LOURENZA” | IMPORTE | IVE | TOTAL |
|---|---|---|---|
| PRESUPOSTO OBRA | 39.973,44 | 8.394,42 | 48.367,86 |

CUARTO. Unha vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.
QUINTO.-Notificar o presente acordo ao adxudicatario.
SEXTO.-Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.”



Cod. Validación: 97FYFH7Q9573AW3TP2KPPELRQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 27

| Expediente 372/2021. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SUBVENCIÓN CULTURA NO CAMIÑO 2021 | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

**Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constituen o seu número legal, ACORDÓU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 23/06/2021 que se transcribe:**
**"Dª. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa – Presidente do Concello de Lourenzá ( Lugo), en nome e representación quedo mesmo ostenta, de conformidadde coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente e vista a RESOLUCIÓN do 11 de xuño de 2021, publicada no DOG número 117 de data 22 de xuño de 2021, da Axencia Galega das Industriais Culturais pola que se establecen as bases de subvencións , en réxime de concorrencia non competitiva, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21-22:Cultura no Camiño, e se convocan para o ano 2021,**
**VEN EN RESOLVER:**
**PRIMEIRO: Solicitar á Axencia Galega de Industrias Culturais ao abeiro da Resolucióndo 11 de xuño de 2021, publicada no DOG número 117 de data 22 de xuño de 2021,da AXENCIA GALEGA DE INDUSTRIAIS CULTURAIS , pola que se establecen as bases de subvencións , en réxime de concorrencia non competitiva, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21-22:Cultura no Camiño, e se convocan para o ano 2021 unha subvención por importe de SEIS MIL EUROS ( 6000 €) , IVE incluido ,**
**SEGUNDO: Aceptar as condicións de financiamento e demáis requisitos establecidos na Resolución do 11 de xuño de 2021.**
**TERCEIRO: Compromiso de financiar o importe ou parte non subvencionable obxecto da actividade ata o importe total de execución; que se levará a cabo unha vez se reciba da Axencia Galega das Industrias Culturais a Resolución de concesión da presente subvención .**
**CUARTO :Ratificar esta resolución na próxima Xunta de Goberno Local.**
**Mandouno e asina a Sra. Alcaldesa – Presidenta, en Lourenzá ( Lugo ) a vintetrés de xuño de dous mil vinteún."**



Cod. Validación: 97FYFH7Q9573AW3TP2KPPELRQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 27

**Expediente 395/2021. CONVENIO CON LA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE LA 1ª TRANSFORMACIÓN DE LA MADERA DE LUGO (LUGOMADERA) SOBRE LA COMUNICACIÓN DIGITAL Y LOCALIZACIÓN DE APROVECHAMIENTOS MADEREROS Y ACTIVIDAD FORESTAL .**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Neste punto da orde do día, pola Alcaldía informouse do contido do convenio que encabeza o expediente así como a conveniencia e utilidade do mesmo e unha vez analizado o asunto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

PRIMEIRO.- APROBAR o CONVENIO ENTRE EL AYUNTAMIENTO DE LOURENZÁ Y LA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE LA PRIMERA TRANSFORMACIÓN DE LA MADERA DE LUGO (LUGOMADERA) SOBRE LA COMUNICACIÓN DIGITAL Y LOCALIZACIÓN DE APROVECHAMIENTOS MADEREROS Y ACTIVIDAD FORESTAL QUE AFECTA AL AYUNTAMIENTO DE LOURENZÁ, sendo o seu contido literal o que se transcribe a continuación:

*"En el Ayuntamiento de LOURENZÁ, a........de..........de 2021.*
*De una parte, Doña ROCÍO LÓPEZ GARCIA, titular del DNI núm. 76580879X, Alcaldesa-Presidenta del Ayuntamiento de LOURENZÁ, asistida de la Secretaria del Ayuntamiento, Dª. María Begoña González Pedregal, con DNI.32434821-Z, para dar fe del acto.*
*De otra parte, DON DANIEL DÍAZ RAMOS, titular del DNI núm.77592011-Q.*
*INTERVIENEN:*
*La primera en nombre y representación del Exmo. Ayuntamiento de LOURENZÁ, de conformidad con las facultades previstas en el artículo 21.1 de la Ley 7/85 de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.*
*El segundo en calidad de Presidente de la Asociación de Empresarios de la 1ª Transformación de la Madera de Lugo (Lugomadera) expresamente facultado para representar a la señalada Asociación, al ostentar el cargo según consta en acta de elección de Presidente, acreditativa de la celebración de la Asamblea Electoral de fecha 25 de octubre de 2019, con CIF. Núm. G-27030915.*
*Ambos comparecientes, en la calidad en que intervienen, se reconocen mutuamente la capacidad legal para otorgar el presente CONVENIO,*
*ANTECEDENTES:*
*Que es intención de los comparecientes regular el BUEN USO DE LOS SERVICIOS Y ACCESOS DE TITULARIDAD DEL AYUNTAMIENTO DE LOURENZÁ EN EL PROCESO DE LOS APROVECHAMIENTOS FORESTALES DEL MONTE, GARANTIZANDO SU CONSERVACIÓN Y FACILITANDO LA COMUNICACIÓN DIGITAL Y EN TIEMPO REAL DEL DESARROLLO DE LA ACTIVIDAD FORESTAL EN SU ÁMBITO GEOGRÁFICO.*
*Por su parte, la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de LOURENZÁ en sesión extraordinaria celebrada el día 19/07/21 quedó enterada de la necesidad de la firma de este convenio en base a los siguientes*
*JUSTIFICACIÓN TÉCNICA Y JURÍDICA*
*Con la firma del presente Convenio se pretende la preservación del medio ambiente y la explotación racional de los recursos , así como la incorporación de la digitalización en los procesos productivos y de comunicación entre empresas y Administración.*
*El presente convenio no se encuentra dentro del ámbito de aplicación de la legislación de contratación pública del Estado, pero sí dentro de la Ley 7/85 Reguladora de las Bases de Régimen Local y del Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril, por el que se aprueba el Texto Refundido de las Disposiciones Legales vigentes en materia de Régimen Local, cuyo artículo 111 determina que las Entidades Locales podrán concertar los contratos, pactos o condiciones que tengan por conveniente siempre que no sean contrarios al interés público, al Ordenamiento Jurídico o a los principios de la buena administración, y deberán cumplirlos a tenor de los mismos, sin perjuicio de las prerrogativas establecidas en su caso, a favor, de dichas*

Cod. Validación: 97FYFH7Q9573AW3TP2KPPELRQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 27

*entidades.*
*El órgano competente para su aprobación, de conformidad con el artículo 21 de la Ley 7/85 de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local y 61 de la Ley 5/1997, corresponde al Alcalde.*
*CLÁUSULAS:*

*PRIMERA.- El Convenio, de naturaleza administrativa, se suscribe con carácter individual entre el AYUNTAMIENTO DE LOURENZÁ y LUGOMADERA.*

*SEGUNDA.- El Ayuntamiento, a través de la FEGAMP, se habilitará en la plataforma Corweb-Concellos de la DX de Ordenación y Producción Forestal de la Consellería de Medio Rural, con el objetivo de conocer en tiempo real los aprovechamientos madereros autorizados en su territorio.*
*A través de esta plataforma, el Ayuntamiento dispondrá de los siguientes datos:*
*a) Empresa maderera solicitante del aprovechamiento: Nombre y CIF.*
*b) Referencias Catastrales autorizadas.*
*c) Volumen de madera autorizado para cada referencia catastral.*
*d) Fecha de inicio y fin de la autorización del aprovechamiento.*

*TERCERA.- La ASOCIACIÓN se compromete a promover y a procurar entre sus asociados que éstos cumplan con su obligación de transmitir de manera digital y en tiempo real, su actividad dentro del Ayuntamiento (inicio y fin) y en reparar los daños que efectivamente causen y que así resulte probado, en sus actuaciones en el monte, PARA LO CUAL SE PROCEDERÁ A DETERMINAR UN PROTOCOLO DE ACTUACIONES QUE SERÁN LAS SIGUIENTES:*
*A) La empresa forestal, de cualquier naturaleza y que realicen actividades forestales, tales como aprovechamientos madereros, recogida de biomasa - realizará un registro en el Ayuntamiento que le habilitará para la utilización de los medios digitales (APP NOTIFOR) de comunicación con este organismo y que a continuación se detallarán. En dicho registro, por una única vez, se adjuntará la siguiente documentación:*
*1.-DNI representante legal.*
*2.- CIF de la entidad, de ser el caso.*
*3.- Escritura de la sociedad, de ser el caso.*
*4.- Copia Póliza de Responsabilidad Civil y último justificante bancario del pago de la misma (se renovará a la fecha de caducidad).*
*5.- Copia del certificado de pertenecer a la Asociación (se renovará a la fecha de caducidad).*
*B) La empresa forestal en el momento de iniciar el aprovechamiento, es decir, en el momento en que incorpore sus equipos de trabajo a la parcela, notificará a través de la APP NOTIFOR , al Ayuntamiento, el inicio de la actividad, incluyendo todos los datos de geolocalización de la parcela a aprovechar (referencia catastral), así como fotografías del estado de la vía/vías a utilizar y punto de acopio de la madera objeto de corta (en caso de no aportar fotografías, se entiende que la vía a utilizar está en perfecto estado).*
*C) El Ayuntamiento con la participación activa y máxima colaboración de la empresa asociada, podrá comprobar el buen uso de los servicios municipales.*
*D) Una vez terminado el aprovechamiento y comunicado el fin de la Actividad a través de APP NOTIFOR, el Ayuntamiento tendrá un plazo de 15 días hábiles para poder comprobar el estado de los caminos y servicios. Si su estado es el normal correspondiente al uso en una actividad productiva agro-forestal, se procederá a dar por terminado el expediente, no siendo perceptiva reclamación alguna a la empresa transcorrido este plazo sin notificación alguna por parte del Ayuntamiento.*
*E) Si se han producido daños directamente imputables a la empresa asociada, en los bienes del Ayuntamiento, ésta procederá a su reparación en cuanto las condiciones climatológicas lo permitan, informando de la fecha aproximada para su intervención. En el caso de que la empresa no proceda a su reparación, ni comunique el plazo estimado de reparación, se le notificará para que tan pronto como las circunstancias lo permitan, proceda a repararlos.*
*F) En el supuesto de disconformidad, diferencia de criterio o valoración entre el Ayuntamiento y la Empresa, se comunicará a la Asociación que procederá a mediar para hacer posible el acuerdo y la reparación.*
*La Asociación se compromete frente al Ayuntamiento a realizar cuantas actuaciones e intervenciones sean necesarias para que sus asociados realicen buenas prácticas de intervención en el monte, y reparen los daños causados, que le sean directamente imputables, así como la comunicación en tiempo real del inicio y fin de la actividad forestal de cada Ayuntamiento.*

*CUARTA.- Se establecerá una Comisión mixta, entre Ayuntamiento y ASOCIACIÓN, para analizar la situación del sector en cada momento y resolver posibles conflictos que se planteen,*



Cod. Validación: 97FYFH7Q9573AW3TP2KPPELRQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 27

*promoviendo la responsabilidad de los asociados y la ejecución de la reparación de las obras. También servirá para establecer acuerdos para el buen desarrollo de la actividad Forestal en el Ayuntamiento.*

*QUINTA.- El Ayuntamiento y Lugomadera se compromete a dar publicidad de ese acuerdo, así como de la preferencia de comunicación de la actividad forestal a través de la APP NOTIFOR, publicitando la misma en la Web de ambas entidades.*

*SEXTA.- La vigencia del presente convenio será de UN AÑO pudiendo prorrogarse hasta el máximo legal, por iguales períodos, si una parte no lo denuncia.*
*Y en prueba de conformidad, firma la presente, en el lugar y fecha en el encabezamiento indicados.*

SEGUNDO.- Facultar a Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para execución do presente acordo.
TERCEIRO.- Achegar certificación do presente acordo á Asociación de Empresarios de la 1ª Transformación de la Madera de Lugo (Lugomadera), con CIF. G-27030915 y domicilio social en Avda. das Américas núm.10-7 baixo/27004 LUGO, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**FACTURAS XULLO/2021.**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 18/07/2019, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| NOME E NIF. ACREDOR | NÚM. FACTURA E DATA | CONCEPTO | IMPORTE (IVE incluído) |
|---|---|---|---|
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE ,SL CIF.B27333160 | Núm.SSPT21170 de 01/07/21 | Domingos, festivos e Sábados dependencia(75 horas.)l | 1.224,50 |
| SERVICIOS SOCIAS SAN ROQUE,SL CIF.B27333160 | Núm.SSPT21171 de 01/07/2021 | Incidencias Dependencia (81,00 horas) | 1.813,50 |
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE,SL CIF.B27333160 | Núm.SSPT21172 de 01/07/21 | Incidencias Libre Concorrencia (4 horas) | 61,38 |
| VENTOSO INSTALACIONES RODRIGO RODRIGUEZ RAMOS NIF.34881215J | Núm. 10530 de 27/04/2021 ´ | Susbitución punto alumeado en Avda.Mondoñedo. | 3.166,81 |



Cod. Validación: 97FYFH7Q9573AW3TP2KPPELRQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 27

| | | | |
|---|---|---|---|
| **TOTAL** | | | **6.266,19** |

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

Cod. Validación: 97FYFH7Q9573AW3TP2KPPELRQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 27